

ANEXO I

RÉXIME TRANSITORIO DE APLICACIÓN DO NOVO PLAN DE ESTUDOS (PEEMAO2015) PARA O ALUMNADO PROCEDENTE DO PNC (Cursos horario de tarde)¹**1. Transición do alumnado**

No novo Plan de Estudos establécense tres áreas: Artística (Pintura, Debuxo artístico), Oficios artísticos (Talla e escultura en madeira, Ourivaría, Artesanía en coiro, Deseño e encaixe de palillos, Moda e confección, Encadernación artística, Serigrafía artística, Cerámica artística) e Oficios artesanais (CAIM Gaita, CAIM Zanfona, CAIM Luthería antiga).

1.1. A **Área Artística** (Pintura e Debuxo artístico) estrutúrase en tres niveis (Básico, Medio e Superior); que se corresponden cos anteriores de Iniciación, Perfeccionamento I e Perfeccionamento II) coa mesma distribución horaria (dúas clases semanais de dúas horas e media de duración) e un nivel Avanzado, ao que se accede, unha vez rematado o Superior, mediante a aprobación dun proxecto de fin de estudos. A adaptación, salvo nos contidos programáticos, vén consistir na promoción de curso desde Iniciación a Medio, e desde Perfeccionamento I a Superior. O alumnado de Perfeccionamento II remata, podendo acceder, mediante proxecto ao curso Avanzado.

1.2. **Area de Oficios artesanais** (CAIM Gaita, Zanfona e Luthería antiga): as especialidades aquí encadradas, continúan con dous cursos (Básico e Superior, que se corresponden cos anteriores I e II), coa mesma distribución horaria (dous días á semana, de cinco horas de duración cada un) e un nivel Avanzado, ao que se accede, unha vez rematado o Superior, mediante a aprobación dun proxecto de fin de estudos. De tal modo que o alumnado do curso I pasa ao curso Superior; o alumnado do curso II remata podendo acceder, mediante proxecto ao curso Avanzado.

1.3. Na **área de Oficios** artísticos cómpre distinguir dous grupos: (Encadernación artística, Serigrafía artística e Cerámica artística) e (Talla e escultura en madeira, Ourivaría, Artesanía en coiro, Deseño e encaixe de palillos e Moda e confección).

1.3.1. En canto á adaptación das materias do primeiro grupo (**Encadernación artística, Serigrafía artística e Cerámica artística**), segue habendo no novo plan de estudos, dous cursos (Básico e Superior, que se corresponden cos anteriores I e II), coa mesma distribución horaria (dous días á semana, de cinco horas de duración cada un) e un nivel Avanzado, ao que se accede, unha vez rematado o Superior, mediante a aprobación dun proxecto de fin de estudos. De tal modo que o alumnado do curso I pasa ao curso Superior; o alumnado do curso II remata podendo acceder, mediante proxecto ao curso Avanzado.

1.3.2. Polo que se refire ao segundo grupo (**Talla e escultura en madeira, Ourivaría, Artesanía en coiro, Deseño e encaixe de palillos e Moda e confección**): estas especialidades tiñan tres cursos (Iniciación, Perfeccionamento I e Perfeccionamento II) cunha distribución horaria de dous días á semana en sesións de dúas horas e media de duración, pasando no novo plan de estudos a ter dous cursos (Básico e Superior) cunha distribución horaria de dous días á semana en sesións de cinco horas de duración. Isto supón que o alumnado procedente de Iniciación pasará, en todos os casos, ao nivel Superior (rematando nun curso, con dobre carga horaria, o que antes se correspondía con dous cursos), e que o

¹ Os cursos en horario de mañá non se modifican

alumnado de Perfeccionamento I pase tamén ao nivel superior nos casos en que sexa posible (nalgúns especialidades que logo se concretan), ou a Perfeccionamento II cando non (así sucede nas especialidades de Ourivaría e Moda e confección). O alumnado de Perfeccionamento II remata puidendo acceder, mediante proxecto ao curso Avanzado.

Así, en concreto, nas seguintes especialidades:

1.3.2.1 Ourivaría:

- O alumnado de Iniciación A pasa a Superior.
- O alumnado de Perfeccionamento I B e C pasa a Perfeccionamento II B e II C.
- O alumnado que rematou Perfeccionamento II A pode concorrer ao nivel Avanzado.
- Non se inicia curso Básico.

1.3.2.2. Moda e confección:

- O alumnado que rematou Perfeccionamento II A pode concorrer ao nivel Avanzado.
- O alumnado que rematou Perfeccionamento II B pode concorrer ao nivel Avanzado.
- O alumnado de Iniciación A pasa a Superior.
- O alumnado de Perfeccionamento I A e B pasa a Perfeccionamento II A e B.
- Non se inicia curso Básico.

8.1.3.2.3. Talla e escultura en madeira:

- O alumnado de Iniciación A e mais o de Perfeccionamento I B (dous grupos) pasa a Superior (un grupo).
- O alumnado que rematou Perfeccionamento II B e C pode concorrer ao nivel Avanzado.
- Iníciase un curso Básico.

1.3.2.4. Artesanía en coiro:

- O alumnado de Iniciación A e B e mais o de Perfeccionamento I B (tres grupos) pasa a Superior A e B (dous grupos).
- O alumnado que rematou Perfeccionamento II A pode concorrer ao nivel Avanzado.
- Non se inicia curso Básico.

1.3.2.5. Deseño e encaixe de palillos:

- O alumnado de Iniciación A e B e mais o de Perfeccionamento I B (tres grupos) pasa a Superior A e B (dous grupos).
- O alumnado que rematou Perfeccionamento II A pode concorrer ao nivel Avanzado.
- Non se inicia curso Básico